



Reboación de árbores polos alumnos. Á dereita, asistentes a un dos actos da Semana das Letras.



## Una sobreira e unha escultura para M<sup>a</sup> Victoria Moreno

Día das Letras no Instituto de Valadares

### REDACCIÓN

No IES Valadares, como cursos anteriores, celebraron o Día das Letras Galegas continuando co paseo cultural que completan cada ano coa plantación dunha nova sobreira e unha escultura dedicada á homenaxeada neste día, M<sup>a</sup> Victoria Moreno. Deste xeito continúan co Paseo das Sobreiras, iniciado fai 6 anos, onde a cada árbore acompañalle unha escultura do escritor premiado, grazas á colaboración da empresa Vicalsá, que é a encargada de elaborala dor forma desinteresada. Pe-

ro este curso ampliaron a celebración, e o Día das Letras converteuse na Semana das Letras e das Ciencias, unha semana cultural con obradoiros, saídas, cine, deportes, ciencia, natureza... E tamén con moitas aportacións de persoas da ciencia e da cultura galegas: Fina Casalderrey, África González, Estibaliz Espinosa, Elvira Ribeiro, Luis Bará, etc e varias asociacións e ONGs como ACCEM, Entreculturas, Faraxa, Rede de Mulleres contra os malos tratos de Vigo, Robotics, Fundación Telefónica...

Organizaron visitas ao Aquarium en O Grove, o Museo do Mar de Vigo, o de

Ciencias en A Coruña e ao Roteiro Castelao en Pontevedra.

Todas as actividades foron seguidas con moita atención e interese por parte do alumnado: obradoiro de cómic por Cómico Vigo, obradoiros literarios, exposición da historia das telecomunicacións, taller de enerxías renovables, música electrónica, demostracións de robótica de ocio e industrial, charlas sobre o maio francés, sobre o holocausto, sobre os refuxiados no s.XXI, sobre distintos estudos universitarios, sobre sexualidade e contra os malos tratos...

Momentos



Demostración de robótica aos alumnos.

emocionantes foron vividos polo alumnado e o profesorado durante esta semana tan intensa. Destacan as anécdotas persoais que contou Fina Casalderrey vividas en primeira persoa con M<sup>a</sup> Victoria Moreno, a charla de Memoria Histórica que chegou moi dentro de todos ou o momento en que Estibaliz Espinosa cantou un poema no vestíbulo do instituto como despedida. Tamén as espectaculares demostracións das distintas empresas de robótica que trouxeron aos robots e puxéronnos a funcionar, a plantación de árbores frondo-

sas e autótonas ao redor do instituto, retomando a proposta de reforestación acordado dende os incendios sufridos na comarca, para que os rapaces participen activamente e tomen conciencia...

Unha semana na que os alumnos e as alumnas aprenden mentres teñan experiencias que noutros momentos non poden ter, que lles axude a ser persoas formadas, críticas, con gusto pola ciencia e a cultura. Cidadáns e cidadás comprometidas coa sociedade que lles tocou vivir.



Á esquerda, a escultura e a plantación da sobreira. Á dereita, presentación da charla de Fina Casalderrey.